

ACTA DO SORTEO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS CURSOS CELGA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA EN 2026 QUE CONTAN CON MÁIS SOLICITANTES CA PRAZAS DISPOÑIBLES

LUGAR: salón de actos da sede da SXL (rúa de San Roque 2, Santiago de Compostela)

DATA: 12.03.2026

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 11.15 h

ASISTENTES

Por parte da Secretaría Xeral da Lingua (SXL):

- Oliva Amorín López (subdirectora xeral de Política Lingüística), presidenta
- Silvia Muíño Naveira (xefa do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua), secretaria
- Manuel Martínez Lado (xefe da Sección I), vogal
- Manuel Penela Novais (xefe de Negociado), vogal

Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):

- Jesús Pereiro Mallo (xefe de Sección do Departamento de Medios e Capacitación Dixital), vogal

PROCEDEMENTO DO SORTEO E PRAZAS OFERTADAS

De acordo co punto 4.2 da Resolución da SXL do 4 de febreiro de 2026 pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (DOG núm. 28, do 11.02.2026), se un curso ten máis solicitantes ca prazas dispoñibles, a asignación destas farase a través dun sorteo aleatorio puro. Para levar a cabo o citado sorteo, a Amtega desenvolveu un programa informático que permite a obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria. Ata o día deste sorteo, a Amtega custodia debidamente o código fonte do dito programa informático.

O sorteo ten en conta o número de prazas ofertadas nos cursos de acordo coa citada convocatoria e mais coa Resolución da SXL do 12 de marzo de 2026 pola que se modifica a programación destes debido á necesidade de anular e refundir algunhas edicións presenciais en función do número mínimo de participantes establecido, así como á de convertelos en liña, para atender a maior demanda nesta modalidade.



De acordo co exposto, os cursos nos que se conta con máis solicitantes ca prazas dispoñibles, así como as prazas ofertadas e asignadas e as correspondentes á listaxe de agarda, son:

CURSO	PAZAS OFERTADAS E ASIGNADAS	LISTAXE DE AGARDA
Celga 2 en liña: 13 edicións	455	47
Celga 3 en liña: 8 edicións	280	59
Celga 4 en liña: 19 edicións	665	48

REALIZACIÓN DO SORTEO

Este sorteo desenvólvese baixo a coordinación das persoas responsables da SXL e a supervisión do técnico especializado da Amtega. Os distintos pasos que se van executando proxéctanse nunha pantalla visible para todos e todas.

Respecto de cada curso, comézase coa proxección da listaxe con todas as solicitudes e, a continuación, realízase o sorteo entre todas elas e obtense tanto a listaxe do alumnado seleccionado como a listaxe de agarda.

RESULTADOS DO SORTEO

Unha vez que se obteñen as listaxes do alumnado seleccionado e mais as listaxes de agarda que acompañan esta acta, estas publícanse, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na páxina web da SXL (<https://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes dos restantes cursos cuxo número de solicitantes non foi superior ao de prazas dispoñibles.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza o acto público deste sorteo e redáctase esta acta.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

